

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

ÁREA DE GOBERNO
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10713 / 113	ASUNTO: CREACIÓN SELOS ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
	SOLICITANTE: Administración Electrónica

Informe-Proposta e Resolución

Asunto: Creación de selos electrónicos de Administración Electrónica

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo (BOP de Pontevedra num. 195 de data 8 de data 21 de outubro de 2021).
- Acordo da XGL de utilización de actuacións administrativas automatizadas, uso do sistema de Código Seguro de Verificación e Copias Auténticas (BOP de Pontevedra núm. 86 de 4 de maio de 2018)

CONSIDERACIÓNS

1. A Lei 39/2015, dispón no artigo 88.4 que *"a resolución do procedemento ditarase electronicamente e garantirá a identidade o órgano competente, así como a autenticidade e integridade do documento que se formalice mediante o emprego dalgún dos instrumentos previstos nesta lei"*.
2. A Lei 40/2015 recolle, coas adaptacións necesarias, normas relativas ao funcionamento electrónico do sector público. Entre outros aspectos, define a actuación administrativa automatizada e establece a obriga de que as Administracións Públicas se relacionen entre si por medios electrónicos.

O artigo 40 indica que as Administracións Públicas poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

O artigo 41.1 define a actuación administrativa automatizada como *calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 10:54	Páxina 1 de 5
10713-113	CSV: ADAFEE-DAE3AC-322B8D-BDHW23-J9EX7Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O artigo 42 determina que, no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración Pública poderá determinar os supostos de utilización do sistema de sinatura electrónica con “*selo electrónico de Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica*”.

- O RD 203/2021 establece os principios xerais que o sector público debe respectar nas súas actuacións e relacións electrónicas. No artigo 15.2 indícase que, para a súa identificación electrónica e para garantir a orixe e integridade dos documentos electrónicos, as AAPP poderán usar, entre outras opcións, un *selo electrónico baseado nun certificado electrónico cualificado e que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica*.

O artigo 19 do Regulamento aprobado neste RD, recolle varios aspectos relacionados coa identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado, como que:

- Os certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente.
- A relación dos selos electrónicos utilizados por cada Administración Pública deberá ser pública e accesible por medios electrónicos, publicándose na sede electrónica.

No artigo 20 do RD 203/2021 indícase que o mencionado selo electrónico pode ser usado como sistema de firma electrónica para a actuación administrativa automatizada.

- A Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, no artigo 17, determina que o Concello de Vigo promoverá a actuación administrativa automatizada cando os procedementos e trámites poidan realizarse a través dun programa, valéndose de ferramentas electrónicas de forma que se execute o maior número posible de trámites e procedementos de forma desatendida, sen intervención humana directa. Ademais, o servizo responsable de cada procedemento administrativo e o Servizo de Administración Electrónica definirán as especificacións que procedan e a responsabilidade que puidera derivarse a efectos de impugnación destas actuacións automatizadas, así como a programación, o mantemento, a supervisión e a auditoría das actuacións, dos algoritmos e do código fonte
- Na instrución municipal, aprobada en XGL (BOPPO núm.86 de 4-05-2018), sobre utilización de actuacións administrativas automatizadas, recolle no punto 3 que o Concello de Vigo poderá usar certificados de selo electrónico designados cos nomes dos sistemas ou plataformas de información e tamén certificados de selo electrónico designados co nome de unidades orgánicas do Concello de Vigo. En todo caso informará na súa sede electrónica dos selos electrónicos utilizados.

Ademais, na dita instrución indícanse cales son os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas

- Co obxecto de identificación e sinatura en procesos automatizados de interconexión administrativa tanto en fase de explotación como nas fases de desenvolvemento e probas (preproducción) así como de dixitalización masiva de documentación que garanta a orixe e integridade dos documentos e o reselado de documentos que garanta a validez no tempo dos documentos dixitais, propónse a creación de varios selos electrónicos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 10:54	Páxina 2 de 5
10713-113	CSV: ADAFEE-DAE3AC-322B8D-BDHW23-J9EX7Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA**

**ÁREA DE GOBERNO
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



7. A resolución do acordo correspóndelle á concellería de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28/06/2023 en materia de administración electrónica.

Polo exposto, fórmulase a seguinte

PROPOSTA

1. Crear os selos electrónicos seguintes, coas características que se indican:
 - Denominación dos selos:
 - a) ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA – CONCELLO DE VIGO
 - b) PREPRODUCCIÓN ADMÓN. ELECTRÓNICA - CONCELLO DE VIGO
 - c) DIXITALIZACIÓN DOCUMENTACIÓN – CONCELLO DE VIGO
 - d) RESELADO ELECTRÓNICO DOCUMENTOS – CONCELLO DE VIGO
 - Administración Pública titular dos certificados: Concello de Vigo – NIF: P3605700H
 - Responsables en relación coa actuación administrativa automatizada:
 - a) A Concellería con competencias en materia de Administración Electrónica será responsable da definición funcional desde o punto de vista do procedemento e a supervisión e control do funcionamento nese mesmo sentido.
 - b) A Concellería con competencias en materia de Administración Electrónica será responsable aos efectos de impugnación.
 - c) O Servizo de Administración Electrónica será responsable do deseño informático, programación, mantemento e supervisión dos sistemas de información de desenvolvemento propio.
 - Características técnicas: Os selos electrónicos cumprirán os requisitos esixidos pola lexislación vixente de firma electrónica e serán conformes aos criterios e características técnicas establecidas no Esquema Nacional de Seguridade e no Esquema Nacional de Interoperabilidade. Estarán baseados en certificados electrónicos cualificados, conforme ao disposto no regulamento europeo eIDAS, emitidos por un provedor de certificación inscrito na relación oficial de [Prestadores de servizos electrónicos de confianza](#) do ministerio que ostente esa competencia (actualmente o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública), admitido pola plataforma @firma e válido para a actividade administrativa automatizada segundo o establecido na lexislación vixente.
 - Servizo de validación para a verificación dos certificados: será o ofrecido pola plataforma da Administración Xeral do Estado, [VALIDe](#) (Aplicación de Validación de firma e certificados OnLine e Demostrador de servizos de @firma).
 - Actuacións e procedementos en que poderán ser usados cada un dos selos:
 - a) ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA – CONCELLO DE VIGO: Identificación e firma en plataformas e servizos da Administración Xeral do Estado e outras Administracións Públicas; consulta e intercambio de datos mediante integración de aplicacións do Concello de Vigo con aplicacións externas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 10:54	Páxina 3 de 5
10713-113	CSV: ADAFEE-DAE3AC-322B8D-BDHW23-J9EX7Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

ÁREA DE GOBERNO
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- b) PREPRODUCCIÓN ADMÓN. ELECTRÓNICA - CONCELLO DE VIGO: Identificación e firma en plataformas e servizos da Administración Xeral do Estado en fase de preproducción, así como identificación en aplicacións e firmas de documentos en períodos de probas ou preproducción.
 - c) DIXITALIZACIÓN DOCUMENTACIÓN – CONCELLO DE VIGO: selado xeral para a dixitalización de documentación interna que non precisa pasar polo Rexistro Electrónico ou que é anterior á entrada en vigor do Rexistro Electrónico (Lei 309/2015), así como de documentación non firmada dixitalmente que se precise anexar a trámites que vaian formar parte dun expediente electrónico.
 - d) RESELADO ELECTRÓNICO DOCUMENTOS – CONCELLO DE VIGO: Reselado interno de documentos electrónicos firmados, como respaldo de seguridade para prolongar a validez a longo prazo de firmas realizadas no seu momento en formatos non lonxevos ou con algoritmos que quedasen obsoletos. Este reselado usarase coa periodicidade que se estime necesaria para asegurar que as firmas sigan sendo válidas e confiables ao longo do tempo, en cumprimento do regulamento eIDAS (que recoñece o reselado como un mecanismo para cumprir o requirimento de que as firmas dixitais se poidan verificar durante toda a vida útil dos documentos).
2. Publicar esta Resolución na sede electrónica do Concello de Vigo.
 3. Contra esta Resolución, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

A Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica

DECRETO - RESOLUCIÓN:

Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA**

Vigo, na data da sinatura electrónica,

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- (Resolucións da Alcaldía de 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023, 28/06/2024, Acordos da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023, 28/07/2023 e 28/06/2024, BOP nº 133 de 09/07/2024 e nº 134 de 10/07/2024)-.Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 10:54	Páxina 4 de 5
10713-113	CSV: ADAFEE-DAE3AC-322B8D-BDHW23-J9EX7Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

ÁREA DE GOBERNO
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



DOU FE,
A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 10:54	Páxina 5 de 5
10713-113	CSV: ADAFEE-DAE3AC-322B8D-BDHW23-J9EX7Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		